

GUÍA POLA PRISIÓN

Desmentindo bulos
e resolvendo
dúvidas



FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

A NECESIDADE DE COMBATER OS BULOS

Esta Guía nace como resultado do traballo colaborativo do equipo da Área de Intervención Penitenciaria da Fundación Érguete-Integración co apoio de lexislación, informes, investigacións, noticias...

O noso obxectivo é contribuir á eliminación dos estigmas e prexuízos con respecto ás persoas privadas de liberdade.

Procuramos conectar coa sociedade e resolver as súas dúbidas, dende unha mirada máis distendida, para rachar con imaxes erróneas ou estereotipos fomentados polo descoñecemento ou pola influencia de información sesgada ou morbosa.

desmentindo
bulos

FALSE

“NO CÁRCERE VIVEN COMO DEUS!
TRES COMIDAS DIARIAS,
CALEFACCION, TELEVISION,
PISCINA...”

A vida nas instalacións dun Centro Penitenciario SEMPRE supón un grave dano físico, psicolóxico e social para todas as persoas privadas de liberdade.

Para as persoas privadas de liberdade, a prisión trae ás súas vidas problemas psicolóxicos como ansiedade, agobio, claustrofobia, depresión, illamento social, agresividade, outros problemas de saúde mental e intentos de suicidio.

48 persoas privadas de liberdade remataron coa súa vida e 104 tentárono no ano 2022 nas prisións españolas. A taxa de suicidio en poboación reclusa é un 6% maior á taxa de suicidio da poboación xeral.

“DO CÁRCERE
SAEN CUN
SOLDO”

FALSE



Existe UNHA AXUDA ECONÓMICA para persoas liberadas de prisión tras o seu encarceramento. Con ela, preténdese que estas persoas subsistan ata que atopen un traballo.

Pode prorrogarse ata os 18 meses e a cuantía é equivalente a un 80% do IPREM (480€ mensuais). Ten requisitos como:

PERMANECER EN PRISIÓN MÁIS DE 6 MESES

ESTAR EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO E NON TER DEREITO Á PRESTACIÓN

SUSCRIBIR O COMPROMISO DE ACTIVIDADE

NON REXEITAR NINGUNHA OFERTA DE COLOCACIÓN AXEITADA

CARECER DE RENDAS SUPERIORES AO 75% DO SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

Non podemos esquecer que a finalidade da prisión é a reeducación e a reinserción social. É por iso que esta axuda está enfocada á incorporación ao mercado laboral das persoas que foron privadas de liberdade.

FALSE

“NOS CÁRCERES EN ESPAÑA A MAIORIA SON INMIGRANTES”

Os datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias no seu Informe Xeral de 2021 proban que esta idea é errónea. Cifran en 47.431 ás persoas internas en Centros Penitenciarios en España. Delas, 12.125 son estranxeiras.

Isto supón que o 74% das persoas privadas de liberdade SON DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA.

	Homes	%	Mulleres	%
Nacionalidade española	31.300	73,4%	2.538	76,9%
Poboación estranxeira	11.363	26,6%	762	23,1%
Total	42.683		3.300	



“DE PRISIÓN SAEN CON MOITO DINEIRO FROITO DO SEU TRABALLO DENTRO”

FALSE

En termos de traballo penitenciario, de toda a poboación interna, só o 25% das persoas privadas de liberdade traballan dentro de prisión.

En 2021 había unha media de 11.857 persoas internas empregadas en talleres, 9.144 en talleres propios e 2.713 en talleres externos xestionados en colaboración con empresas externas.

As remuneracións que reciben son reguladas tomando como referencia o salario mínimo interprofesional vixente, permitindo que sexa proporcional ao número de horas traballadas e ao rendemento conseguido.

Isto implica que o promedio de salarios nas prisións españolas sexa de 200 e 300 euros ao mes.



FALSE

“AS PRISIÓNS ESTÁN CHEAS DE ASASINOS E VIOLADORES”

Segundo o Código Penal vixente, a tipoloxía delictiva da poboación reclusa masculina con máis casos son:

Delitos contra o Patrimonio (os máis comúns son furto e roubo): 34,6%


Delitos contra a Saúde Pública (o máis común tráfico e tenencia de drogas): 18,3%

Delitos de Violencia de Xénero: 10,5%

Delitos contra a Liberdade Sexual: 8,2%

Homicidios e as súas Formas: 7,4%

Delitos contra a Seguridade Vial: 2,5%



O 52,9% dos homes privados de liberdade están presos por calquera dos dous primeiros delitos


“SE ESTÁS TOLO/A
OU TE DROGAS, A
CONDENA XAMÁIS
SE CUMPRE”

FALSE



Se falamos de persoas privadas de liberdade en situación de drogodependencia, a Enquisa de Saúde e consumo de drogas en poboación interna en Institucións Penitenciarias da ESDIP en 2022 aclara:

o 75,1% das persoas privadas de liberdade consumiron drogas ilegais algunha vez na vida e o 53,5% estaba en situación de drogodependencia ao entrar e o 16,8% continúan co seu consumo en prisión.



CINCO DE CADA DEZ PERSOAS INTERNAS ESTABAN EN SITUACIÓN DE DROGODEPENDENCIA AO ENTRAR

Con respecto á saúde mental, o 34,8% da poboación penitenciaria foi diagnosticada algunha vez cun trastorno mental ou emocional.

Os homes internos teñen máis diagnósticos de esquizofrenia e as mulleres internas de depresión e trastornos de personalidade. Na mesma medida para ambos, atópanse prevalencias de psicosis e de trastorno bipolar.

Son circunstancias que PODERÍAN chegar a ser atenuantes dependendo de cada caso. O Código Penal non establece unha pena exacta a cada delito senón un mínimo e un máximo e o resto de elementos son os que constitúen a pena final.

Os atenuantes son circunstancias, que sen excluir a responsabilidade da persona culpable, reducen a súa pena. Regúlanse no artigo 21 do C.P e algúns son:

- ▶ AS CIRCUNSTANCIAS CONSIDERADAS COMO EXIMENTES CANDO NON CUMPREN OS REQUISITOS OU A INTENSIDADE SUFICIENTE COMO PARA EXIMIR DE TODA RESPONSABILIDADE Á PERSOA CULPABLE
- ▶ ACTUAR COMO CONSECUENCIA DE GRAVE ADICCIÓN A BEBIDAS ALCOHÓLICAS, DROGAS TÓXICAS, ESTUPEFACIENTES...ETC
- ▶ COMETER O DELITO EN ESTADO DE ARREBATO, OBCECACIÓN OU OUTRO ESTADO PASIONAL DE ENTIDADE SEMELLANTE
- ▶ CONFESAR O DELITO ÁS AUTORIDADES
- ▶ REPARAR OU DIMINUÍR O DANO CAUSADO Á VÍTIMA
- ▶ COLABORAR NA INVESTIGACIÓN DO DELITO
- ▶ ESTABLECER ANTES DO XUÍZO ORAL MEDIDAS EFICACES PARA PREVIR E DESCUBRIR OS DELITOS

FALSE

“AS MULLERES SÓ
REMATAN EN PRISION SE
COMETERON DELITOS
MOI GRAVES”

De novo, recurrimos ao Código Penal vixente para observar as causas polas que as mulleres están encarceradas. Os delitos máis comúns son:

Contra o Patrimonio e a Orde Socioeconómica	37,3%
Contra a Saúde Pública	27,4%
Homicidio e as súas Formas	9,6%
Contra a Liberdade Sexual	1,6%
Contra a Seguridade Vial	1,1%

O 65% das mulleres privadas de liberdade están presas por calquera dos dous primeiros delitos

Xeralmente son mulleres supervivintes a unha infancia difícil, marxinal e carente de oportunidades e afecto.

En 2005 xa cifraban nun o 88,4% destas mulleres sufriu algún tipo de violencia. É por iso, que chegan a estos centros nunha situación de vulnerabilidade de gravidade, cunha autoestima moi baixa e cunha gran dependencia psicolóxica das figuras masculinas.

O Código Penal Español é UN DOS MÁIS DUROS DE EUROPA. Coas penas de prisión máis longas e unha duración media en prisión das máis elevadas.

O Consello de Europa nas súas estadísticas penais anuais sobre poboación penitenciaria de 2021, sitúa a España en quinta posición, cunha media de 20,2 meses en prisión.

Para evitar condenas excesivamente longas por delitos menores, e así facilitar a reinserción das persoas, o límite previsto no artigo 76 do Código Penal establece:

O cumprimento máximo non pode exceder o triple de tempo polo que se lle impón a pena máis grave (que non pode exceder os 20 anos)

MAIS HAI EXCEPCIÓNS ⚠



25 ANOS PARA VARIOS DELITOS E ALGÚN CON PENA DE PRISIÓN DE ATA 20 ANOS

30 ANOS PARA VARIOS DELITOS E ALGÚN TEÑA PENA SUPERIOR A 20 ANOS

40 ANOS PARA VARIOS DELITOS E VARIOS CASTIGADOS CON PENAS DE PRISIÓN SUPERIORES A 20 ANOS

40 ANOS PARA VARIOS DELITOS RELACIONADOS CON ORGANIZACIÓNS E GRUPOS TERRORISTAS CANDO UN DELES ESTEA PENADO CON MÁIS DE 20 ANOS

“EN ESPAÑA
ENTRAN POR UNHA
PORTA E SAEN
POLA OUTRA. AS
CONDENAS
SAENLLES
GRATIS”

FALSE

Resolvendo

Dúbidas



LEVAN UNHA BÓLA COLGADA AO PÉ?

Recibe o nome de ferropea e esta bóla era empregada como unha traba para as persoas presas nas galeras. A imposibilidade para arrastrar esa bola restaba mobidade ás persoas e así evitaban fuxidas.

EXISTE O ILLAMENTO COMO CASTIGO?

En España, a lei penitenciaria permite ata 42 DÍAS SEGUIDOS en réxime de illamento en caso de sanción disciplinaria.

Esta medida case triplica a recomendación do Comité contra la Tortura de Naciones Unidas que establece un máximo de 15 días seguidos e que só indica esta medida como extraordinaria.

En España, máis de 2.000 persoas presas pasan cada ano por este castigo e máis dun centenar permanecen illadas máis de 21 horas ao día de forma indefinida.



PODEN SAÍR A VOTAR?



As persoas internas en prisión están privadas de liberdade pero non de todos os seus dereitos.

Só aquelas persoas que teñen imposto en sentenza a privación ao sufraxio, non poderán votar.

Aquelas outras, poderán exercer o seu dereito a través do voto por correo.

A alta porcentaxe de abstención, que supera o 90%, está relacionada co proceso excesivamente burocrático e coa falta de información.

EXISTE A LEXÍTIMA DEFENSA?

Actuar en defensa da persoa ou dereitos propios ou alleos, a popular “lexítima defensa” é unha das eximentes penais que se contemplan no Código Penal no seu artigo 20.



Para que un acto sexa considerado de “lexítima defensa” ten que cumprir uns requisitos como a proporcionalidade no medio empregado.

Nesta circunstancia, poderíase eliminar a responsabilidade penal da persoa que se defende.

PERO, ditas circunstancias son analizadas con cautela e UNICAMENTE SON VÁLIDAS cando teñen o íntimo e total convencemento das mesmas.

É SINXELO CONSEGUIR DROGAS DENTRO DE PRISION?

A maneira de introducir drogas en prisión é complicada, mais sucede.

Normalmente por algunha destas vías: a través das visitas de familiares e amizades nos Vis-Vis íntimos ou as propias persoas internas cando regresan tras un permiso.

O peche dos cárceres pola COVID-19 bloqueou a entrada de droga. Isto evitou as mortes por sobredose, as pelexas e mellorou o estado de saúde da poboación penal toxicómana.



COMO É O COIDADO DA SAÚDE? PODEN ACUDIR A ESPECIALISTAS?

O artigo 3.4 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria recolle que a administración penitenciaria ten que velar pola vida, integridade e saúde das persoas internas.

Todos os centros penitenciarios contan cun departamento sanitario/enfermería coa dotación necesaria para administrar a atención e os coidados que as persoas precisan.

Cando é necesaria unha atención máis especializada, os internos e internas son trasladados a algúns dos centros hospitalarios da provincia onde se atopa o centro penal.

As persoas internas poden solicitar servizos médicos alleos -excepto cando por seguridade se limita este dereito- pero teñen que costear os gastos elas mesmas.



PODEN COMPRAR COUSAS DENTRO DE PRISION?

Existe un economato en cada módulo que abre as súas portas varias veces ao día. Normalmente as persoas encargadas do economato son internas.

Alí véndense bebidas quentes, refrescos, snacks e outros produtos de alimentación. Tamén algúns produtos de hixiene ou limpeza...

Poden pagar estas compras cunha tarxeta na que un día da semana o C.P. descarga unha cantidade de diñeiro na conta do seu peculio (o diñeiro que familiares e persoas achegadas depositan na súa conta).

O “Demandadeiro” é outro tipo de compra que realizan a través dunha empresa externa. Neste caso, teñen que adxuntar unha lista cos produtos que precisan e que non poidan atopar no economato nin ser introducidos por familiares, e tras unha semana entregan este produto descontando o seu valor da súa conta.

EMPREGAN OS CIGARROS COMO MOEDA DE CAMBIO?

En moitos casos hai persoas internas sen recursos económicos que teñen grandes habilidades coas manufacturas (madeira, coiro, debuxo...)



En datas sinaladas, por un detalle ou regalo para os seus seres estimados ofrecen a estas persoas con mans talentosas un paquete de cigarros como retribución informal.

LEVAN DIARIAMENTE A MESMA RUTINA?

A vida en prisión tamén é difícil pola propia rutina diaria -a mesma todos os días do ano- que é dura e moi estricta.



Todo está regulado: dende a hora de prender e apagar as luces, o tempo de ocio e descanso, as horas de comida ou cea, o tempo de visitas, a información que reciben...

Para as persoas internas tamén é complexo acostumarse á convivencia nun mesmo espazo con tanta xente, ruídos...



COBRAN PARA OS SEUS GASTOS DENTRO?

Non cobran para os seus gastos dentro: as necesidades básicas están cubertas como alimentación, medicación, aseo...

COTIZAN PARA A SÚA EXCARCERACION?

As persoas internas que traballan en prisión están cotizando “por actividades en prisión” en continxencias comúns, continxencias dirixidas a posibles accidentes de traballo, desemprego, pensións...

Na vida laboral tamén aparecen estas actividades.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Abogados, M. (2020, 4 febrero). AGRAVANTES, ATENUANTES y EXIMENTES PENALES | MORALES y BLANCO Abogados. Morales y Blanco Abogados. <https://www.mbaabogados.es/agravantes-atenuantes-y-eximentes-penales/>

Así trabajan los presos en las cárceles Españolas (2015). ELMUNDO. <https://www.elmundo.es/espana/2015/06/25/557e901722601d29518b4570.html>

Bufete de abogadas en Barcelona - Antolino Advocats. (s. f.). Bufete de Abogadas en Barcelona - Antolino Advocats. <https://www.antolinoadvocats.com/noticias/noticias-derecho-penal/el-triple-de-la-mayor-que-es-limites-de-cumplimientos-de-pena-y--como-solicita>

Cruells, M., Torrens, M., & Igareda, N. (2005). Violencia contra las mujeres. Análisis en la población penitenciaria femenina. Associació de Dones per la inserció laboral. <https://www.inmujeres.gob.es/publicacioneselectronicas/documentacion/Documentos/DE0804.pdf>

De Empleo Estatal, S. P. (s. f.). He salido de prisión. Servicio Público de Empleo Estatal. <https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/distributiva-prestaciones/quiero-cobrar-el-paro/he-salido-de-prision.html>

Home | InfoPrision. (s. f.). <https://infoprision.com/>

Informe Anual (2021). En Trabajo Penitenciario y Formación para el empleo. Gobierno de España, Ministerio del Interior, Secretaría General Técnica. http://oatpfe.es/docs/repositorio//es/ES//memoria_2021/informe_anual_2021_tpfe.pdf

Informe General 2021 (2022). En Secretaría General de Instituciones Penitenciarias. Gobierno de España, Ministerio del Interior, Secretaría General Técnica. https://www.interior.gob.es/opencms/pdf/archivos-y-documentacion/documentacion-y-publicaciones/publicaciones-descargables/publicaciones-periodicas/informe-general-de-instituciones-penitenciarias/Informe_General_IIPP_2021_12615039X.pdf

Informe sobre la situación de las mujeres presas: Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía (2020). Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía. <https://apdha.org/media/Informe-APDHA-situacion-mujer-presa-web.pdf>

Ley Orgánica 1/1979, de 26 de septiembre, General Penitenciaria (1979, 25 de octubre) (España). BOE, (239). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1979-23708>

Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal (1995, 24 de noviembre) (España). BOE, (281).

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1995-25444>

Martínez Perza, Carmen; Quesada Arroyo, Pedro; de Miguel Calvo, Estibaliz; Dzvovkovska Natalia; Nieto Rodríguez, Lucía (2021). Situación de las personas con adicciones en las prisiones españolas. Una visión con perspectiva de género. Unión de Asociaciones y Entidades de Atención al Drogodependiente (UNAD), Madrid.

https://www.unad.org/ARCHIVO/documentos/biblioteca/1676366563_2023_01_16_estudio_prisiones_version_digital.pdf

Porras, I. (2020). ¿Sabes cómo viven las personas presas su derecho al voto? | CAIS, Consorcio Andaluz de Impulso Social. CAIS, Consorcio Andaluz de Impulso Social. <https://cais.coop/sabes-como-viven-las-personas-presas-su-derecho-al-voto/>

Pinto, T. (2018). Así se deteriora el cerebro de una persona en aislamiento penitenciario. elDiario.es. https://www.eldiario.es/sociedad/aislamiento-penitenciario-tortura-salud-ciencia_1_1820249.html

Real Decreto 782/2001, de 6 de julio, por el que se regula la relación laboral de carácter especial de los penados que realicen actividades laborales en talleres penitenciarios y la protección de Seguridad Social de los sometidos a penas de trabajo en beneficio de la comunidad (2001, 7 de julio) (España). BOE, (162). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2001-13171#:~:text=Ayuda-,Real%20Decreto%20782%2F2001%2C%20de%206%20de%20julio%2C%20por,en%20beneficio%20de%20la%20comunidad>

Secretaría General de Instituciones Penitenciarias. Ministerio del Interior & Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas. (2023). Encuesta sobre salud y consumo de drogas en población interna en instituciones penitenciarias 2022. Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones. Ministerio de Sanidad. https://pnsd.sanidad.gob.es/profesionales/sistemasInformacion/sistemaInformacion/pdf/2022_ESDIP_Informe.pdf

Trabajo en prisión: Guía práctica sobre los derechos laborales de las personas presas (2015). Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía. <http://www.apdha.org/media/guia-trabajo-en-prision-2015.pdf>

Yagüe, C. (2007). Mujeres en prisión. Intervención basada en sus características, necesidades y demandas. Revista Española de Investigación Criminológica, 5, 4. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2477873.pdf>

Zamarreño, Á. (2022). España está entre los países de Europa con penas de cárcel más largas. cadena SER. https://cadenaser.com/ser/2018/03/20/internacional/1521550606_061622.html



FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN